

depo
termal

PROGRAMA
2023

**DESCRIPCIÓN DOS TRATAMENTOS
OFERTADOS NO PROGRAMA
TERMAL DE ASISTENCIA DIARIA**

ANEXO 2

DESCRIPCIÓN DOS TRATAMENTOS OFERTADOS NO PROGRAMA TERMAL DE ASISTENCIA DIARIA

Para esta modalidade do programa inclúense dous tratamentos complementarios por persoa que as usuarias e usuarios poderán gozar ao longo da súa estancia.

BALNEARIO DE MONDARIZ

1. Tratamento dixestivo con augas mineromedicinais en bebida

Duración: 20 minutos

Descrición: o Balneario de Mondariz dispón de varios mananciais de augas mineromedicinais, cada un cunhas propiedades diferentes.

Do manancial de Gándara brotan augas carbogasosas, bicarbonatadas cálcicas e ferruxinosas. Esas características, moi pouco frecuentes nos balnearios españois, confírenlles propiedades diuréticas e reguladoras do metabolismo, polo que son enormemente beneficiosas para os problemas dixestivos.

Durante cinco días, as usuarias e usuarios poderán facer un tratamento dixestivo bebendo auga mineromedicinal tres veces ao día.

2. Sauna ou baño turco

Duración: 20 minutos

Descrición: sauna seca ideal para a relaxación muscular. A calor mellora a circulación sanguínea e axuda a que os músculos danados se reparen. No caso do baño turco, a calor húmida abre os poros, relaxa os músculos e consegue que o sistema cardiorrespiratorio aumente a súa capacidade de intercambio de osíxeno.

TERMAS DE CUNTIS

1. Baño de hidromasaxe

Duración: 15 minutos

Descrición: inmersión total do corpo nunha bañeira con chorros de auga a presión. Indicada en tratamentos descontracturantes.

2. Piscina terapéutica

Duración: 20 minutos

Descrición: similar ás piscinas de uso habitual, pero a diferenza radica en que o seu contido é exclusivamente termal e está dotada de aparatoloxía para terapias.

HOTEL SPA GALATEA

1. Chorro a presión

Duración: 15 minutos

Descrición: chorro a presión con diferentes movementos para activar a circulación.

2. Sauna

Duración: 15 minutos

Descrición: sala húmida e sauna seca, ideais para desinflamar os tecidos, aliviar a dor de lesións musculares e mellorar a mobilidade.

HOTEL BENESTAR MOAÑA

1. Flotarium

Duración: 15 minutos

Descrición: esperta todos os sentidos grazas á combinación de auga e sales de Epsom nas que é posible flotar. Ademais, debido á elevada temperatura da auga, os músculos do corpo reláxanse de forma inmediata.

2. Piscina termolúdica e sauna

Duración: 30 minutos

Descrición: sala húmida e sauna seca, ideais para desinflamar os tecidos, aliviar a dor de lesións musculares e mellorar a mobilidade.

HOTEL EXE VÍA ARGENTUM

1. Bañeira de hidromasaxe

Duración: 20 minutos

Descrición: baño relaxante con chorros de auga e burbullas acompañados dos beneficios engadidos da aromaterapia. Indicado en tratamentos descontracturantes.

2. Sauna

Duración: 20 minutos

Descrición: sauna seca ideal para a relaxación muscular; a calor mellora a circulación sanguínea e axuda a que os músculos danados se reparen.